



Concello da Coruña

Area / Unidade TRIBUNAL LISTAXE FUNCIONARIO INTERINO DE TECNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1)	Documento GEY1AI001I	
Código de verificación  370R 6735 1Y2H 2F5C 0M2K	Expediente 108/2025/1136	
	Data 16-01-2026	

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1).

O pasado 23 de decembro publicouse na páxina web do Concello da Coruña a listaxe coas respostas correctas do primeiro exercicio.

Concedeuse un prazo de 3 días hábiles para a formulación de alegacións ao cuestionario tipo test.

Presentáronse en tempo e prazo 25 solicitudes e outra fora do prazo (RMPE19243G). Das achegadas de forma correcta dúas estaban repetidas (RMPE1923H0 e RMPE1923H1) e outra non achegou ningunha documentación (RMPE1923MU).

Tras as deliberacións do Tribunal e a aceptación o rexeitamento das alegacións, a listaxe definitiva das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio pasa a ser a que se achega como ANEXO I deste anuncio.

Anuláronse as preguntas 26, 29, 40, 81 e 90 que foron substituídas por as cinco primeiras de reserva.

Modificouse a resposta correcta da pregunta 54 que pasa a ser a "D".

Efectuada a corrección dos exercicios consonte coa listaxe final das respostas correctas, dáse traslado das cualificacións finais deste primeiro exercicio das persoas que resultaron aptas (aquelas que de acordo coas bases e co corte establecido polo Tribunal obtiveron unha puntuación de 25,00 puntos ou superior). Achégase listaxe das persoas que superaron o primeiro exercicio como ANEXO II deste anuncio.

Por último e co obxecto de aclarar as dúbidas que podan xurdir a quen fixo algunha alegación achégase a este anuncio como ANEXO III o extracto das actas do Tribunal cos acordos sobre a aceptación ou rexeitamento das alegacións presentadas.

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento.

O Secretario do Tribunal



Concello da Coruña

ANEXO I CADRO COAS RESPOSTAS CORRECTAS

TEST PREGUNTAS TEÓRICAS

PREGUNTA	RESPOSTA
1	C
2	B
3	B
4	B
5	D
6	A
7	D
8	C
9	D
10	A
11	C
12	A
13	A
14	A
15	B
16	D
17	A
18	C
19	C
20	B
21	B
22	C
23	B
24	B
25	A
26	ANULADA
27	B
28	C
29	ANULADA
30	A

PREGUNTA	RESPOSTA
31	C
32	D
33	B
34	D
35	A
36	B
37	C
38	B
39	C
40	ANULADA
41	C
42	B
43	D
44	B
45	C
46	D
47	C
48	D
49	B
50	A
51	C
52	D
53	C
54	D
55	B
56	C
57	D
58	A
59	B
60	C

PREGUNTA	RESPOSTA
61	A
62	A
63	B
64	B
65	D
66	B
67	A
68	C
69	C
70	A
71	C
72	A
73	D
74	B
75	C
76	A
77	D
78	C
79	A
80	D

TEST PREGUNTAS PRÁCTICAS

81	ANULADA
82	C
83	B
84	D
85	A

PREGUNTA	RESPOSTA
86	C
87	C
88	B
89	A
90	ANULADA
91	D
92	C
93	D
94	B
95	D
96	D
97	B
98	B
99	D
100	B

RESERVA

PREGUNTA	RESPOSTA
1	C
2	C
3	C
4	D
5	D

En cor verde a pregunta na que se modificou a letra da resposta correcta e en cor vermella as preguntas que foron anuladas.



ANEXO II LISTAXE DAS PERSOAS QUE SUPERARON O EXERCICIO

Nº	APELIDOS E NOME	NIF	NOTA
1	VARELA CANCELA, EVA MARIA	***3227**	48,38
2	TORAL PAZOS, SANTIAGO NICOLAS	***6322**	41,38
3	CERQUEIRO LOPEZ, MARIA JESUS	***2134**	40,88
4	SOBRINO SUAREZ, CARLOS	***6243**	40,00
5	JATO TRIGO, ANTONIO	***0644**	38,38
6	MOSQUERA VAL, IVAN	***2841**	38,13
7	ALVAREZ GARCIA, CRISTINA	***2530**	38,13
8	MENDEZ GALLART, MARIA CRISTINA	***7777**	37,50
9	BLANCO PICOS, CARLA MARIA	***0608**	36,88
10	PONTE REIRIZ, IRIA	***1715**	36,13
11	MORENO DOCE, NURIA	***8145**	35,88
12	ASTRAY VIQUEIRA, NATALIA	***5177**	35,75
13	FRAGA FERNANDEZ, ALEJANDRA	***5239**	35,75
14	MOREIRA VILANOVA, PABLO	***2273**	35,63
15	DACUNHA PAZOS, ALBERTO	***4737**	35,50
16	DE CELESTINO DEL BARRIO, RAFAEL	***3554**	35,50
17	VAZQUEZ CASAR, MAR	***7556**	35,50
18	FRAGUELA GOMEZ, GEMA PALOMA	***0987**	35,13
19	SANCHEZ LOPEZ, CARLA	***9080**	35,00
20	ARCOS SUAREZ, ESTHER	***0788**	35,00
21	RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**	35,00
22	ARCOS SUAREZ, SANDRA	***0195**	35,00
23	GARCIA MARTINEZ, ANA MARIA	***6316**	34,88
24	ALONSO DOSANTOS, ISABEL	***2930**	34,75
25	SOLA RODRIGUEZ, OLGA	***0382**	34,75
26	CARIDAD LOPEZ, MARIA JOSE	***2080**	34,63
27	POSADO VELADO, LAURA	***8631**	34,00
28	CASAS CORES, TERESA	***1457**	33,75
29	ADAN ARCAJ, LUCIA	***6162**	33,75
30	COIRA LOPEZ, MARIA JOSE	***8594**	33,75
31	MIGUEZ GARCIA, ERONICA	***9895**	33,63
32	PEREZ MIRA, CARMEN MARIA	***9402**	33,50
33	GARCIA NEIRA, RUPERTO M.	***1615**	33,50
34	NEIRA CORTIZAS, CARLOS	***6591**	33,25
35	MONTOUTO PEREZ, RANCISCO JOSE	***1735**	33,25
36	SANDE GRELA, ANA ISABEL	***1375**	33,25
37	FERNANDEZ XOVE, MARTIÑO	***9104**	33,13
38	ROADE FONTENLA, IRENE	***2786**	33,13
39	IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	***5478**	33,13



Concello da Coruña

40	ORIZALES QUEIJAS, LAURA	***7369**	32,88
41	FARIÑAS MIGUEZ, JAVIER	***1689**	32,63
42	RODRIGUEZ DOMINGUEZ, MARIA SONIA	***7489**	32,38
43	CORZO SOTELO, PILAR	***2305**	32,25
44	VAZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	***2139**	32,25
45	NIETO MATAMOROS, SILVIA	***4354**	32,13
46	LOPEZ BARRAL, MARIA INES	***2381**	32,13
47	BEIROA PAMPIN, PABLO	***0879**	31,88
48	RODRIGUEZ CEBREIRO, M CRISTINA	***4864**	31,63
49	GOMEZ FERNANDEZ, MARIA DE LOS ANGELES	***7594**	31,38
50	SANCHEZ OUSINDE, LETICIA	***0949**	31,38
51	PEREZ CUNS, DAVID	***5681**	31,13
52	REY PEDREIRA, MARTA	***9748**	31,00
53	REY PATIÑO, MONTSERRAT	***0993**	30,88
54	ESPARIS BOUZAS, CRISTINA	***9404**	30,88
55	FERNANDEZ PAZ, JULIO ANGEL	***8648**	30,75
56	DOMINGUEZ RIVAS, MARIA JOSE	***0347**	30,75
57	CASTANEDO SANMARTIN, MARIA ANTONIA	***6409**	30,63
58	ANTELO VAZQUEZ, FRANCISCO JAVIER MAN	***3182**	30,63
59	CAABEIRO GUTIERREZ, MARIA AZUCENA	***3428**	30,63
60	BLANCO GARCIA, BERTA	***8930**	30,50
61	CRESPO BRAKE, REBECA	***7554**	30,50
62	HERMIDA FERNANDEZ, AIRAS	***6091**	30,38
63	ALFONSO , SERENA	***2713**	30,13
64	REY GARCIA, GUEDA MARIA	***0294**	29,88
65	CARRODEGUAS FILGUEIRAS, MARIA BEATRIZ	***6852**	29,88
66	CARBALLIDO ROCA, MARIA ANGELES	***6148**	29,63
67	CELADA PENEDO, MARIA LORETO	***7242**	29,63
68	NIEVES BREY, MONICA	***8294**	29,50
69	GONZALEZ CARDALDA, JOSE LUIS	***9666**	29,38
70	LAGO CRIADO, CRISTINA YOLANDA	***2408**	29,00
71	BERMUDEZ GARCIA, ANA MARIA	***9654**	28,88
72	ORGUEIRA TOJA, JESUS FRANCISCO	***6581**	28,88
73	EXPOSITO DOMINGUEZ, SORAYA	***9593**	28,88
74	FREIRE GARCIA, BLANCA TERESA	***3485**	28,88
75	CAAMAÑO CAAMAÑO, LAURA	***1218**	28,75
76	FIGUEROA EIROA, MARIA MERCEDES	***6397**	28,75
77	BARRAL GONZALEZ, ROBERTO	***2245**	28,75
78	ANEIROS SOLA, ARANTXA	***4387**	28,63
79	PAMPIN MARIÑAS, MARIA	***7342**	28,63
80	ROIBAL PASEIRO, JESUS	***8442**	28,63
81	DIAZ GARCIA, JOSE CARLOS	***5830**	28,50
82	DE LA PUENTE TORAL, NATALIA	***8279**	28,50



Concello da Coruña

83	BANDIN MARENTES, JAVIER EMILIO	***3758**	28,38
84	BOCELO GOMEZ, LUIS	***5576**	28,38
85	GRAÑA IGLESIAS, PATRICIA	***0064**	28,00
86	DEL RIO GUERREIRO, INES	***5051**	28,00
87	FERNANDEZ PORTO, MARIA JOSE	***5129**	27,75
88	FONTAO NOVO, ANGELA	***1518**	27,50
89	OREIRO CARRACEDO, UXIA	***9745**	27,50
90	DIAZ MIRAS, MARIA DEL CARMEN	***0717**	27,38
91	VILARIÑO BLANCO, CRISTINA	***6901**	27,38
92	PIÑEIRO FERRERO, BEATRIZ	***7861**	27,38
93	MUÑOZ FERNANDEZ, DAVID	***5038**	27,25
94	TEDIN MOUZO, ISABEL	***6495**	27,13
95	SABIN SUAREZ, JOSE ENRIQUE	***0728**	27,13
96	MONTERO CASTIÑEIRA, BORJA	***6527**	26,88
97	LOPEZ SILVARREY, MARTIN	***8633**	26,88
98	VAZQUEZ BARRIENTOS, SANDRA	***5006**	26,88
99	SERANTES MACEIRAS, ELEN MARIA	***9819**	26,75
100	GARCIA SANCHEZ BALGOMA, MARIA PILAR	***9293**	26,63
101	DE LUIS CARBALLADA, CARLOS	***0715**	26,63
102	DIAZ SOLANO, MARTA	***1851**	26,50
103	PEREZ FEAL, YOLANDA	***6868**	26,25
104	CARRO GONZALEZ, ANA ISABEL	***7667**	26,25
105	VILAS TOBAR, ANA MACARENA	***8169**	26,13
106	RODRIGUEZ MARTINEZ, MARIA DO CARME	***6932**	26,00
107	TELLO RUBIO, SILVIA ALICIA	***5968**	26,00
108	FERREIRA VIDAL, MARIA TERESA	***6694**	26,00
109	MARTINEZ CAMBON, ANGEL RAMON	***7248**	25,75
110	VIDELA RODRIGUEZ, PABLO	***5633**	25,75
111	DACOSTA GONZALEZ, PAULA	***8218**	25,50
112	GONZALEZ FERNANDEZ, LIDIA	***3273**	25,38
113	CENDAN GARCIA, CRISTINA MARIA	***3631**	25,25
114	AGRAS PEREZ, ROCIO	***5991**	25,13
115	OTERO ORTEGA, LAURA	***1254**	25,13



ANEXO III EXTRACTO DOS ACORDOS DO TRIBUNAL

Procedente da Acta 4 do Tribunal:

"(...) O Tribunal acorda ter como non presentada a solicitude que non achega documentación ao non poder determinar o contido das alegacións que contén (solicitude RMPE1923MU)...

... Iníciase o análise das preguntas sobre as que se presentaron alegacións:

- Pregunta 7:

Recibe cinco (5) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Sinale a afirmación correcta respecto á figura da recusación, regulada no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

A.- A recusación suspende sempre a tramitación do procedemento ata que se resolva.

B.- A recusación debe formularse necesariamente antes do inicio do procedemento administrativo.

C.- O recusado debe negar a causa de recusación ao seu inmediato superior.

D.- Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento."

De forma resumida, o conxunto de alegacións veñen a sinalar que resposta D é correcta se se cingue ao artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, pero se se ten en conta a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 22.2.c) tamén sería correcta a resposta A *"...22.2. O transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución suspenderase nos seguintes casos (...) c) cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento desde que esta se expoña ata que sexa resolta polo superior xerárquico do recusado..."*

A cuestión que se dirime é si a pregunta 7 refírese só ao artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou á recusación en xeral.

O Tribunal entende que a pesar de que a recusación é unha figura xeral do dereito, a pregunta refírese estritamente ao contido do artigo 24 da Lei 40/2015. Ao ler o artigo 24 da Lei 40/2015 na súa totalidade en ningún momento menciona a palabra suspensión nin fala dos efectos sobre o procedemento principal. O artigo 24 limitase a explicar como se expón (por escrito), os prazos para que o recusado conteste (día seguinte), quen resolve (o superior) e os recursos (a opción D). Ao non estar escrita neste artigo a suspensión, a afirmación A non pode ser a resposta correcta a esta pregunta específica, aínda que a norma exista noutra parte.

A regulación sobre a suspensión do procedemento por recusación si existe, pero non está na Lei a que fai referencia a referencia senón noutra lei, a L39/2015.

A opción "A" é incorrecta porque atribúe ao artigo 24 da Lei 40/2015 un efecto (a suspensión) que en realidade está regulado noutra lei, a 39/2015. A localización exacta do artigo é o que determina a resposta correcta.

No enunciado da pregunta, a mención do artigo 24 non é accesoria ou decorativa, senón unha garantía de indiscutible corrección da resposta D.

O Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR as alegacións.

- Pregunta 19

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:



Concello da Coruña

"Segundo o artigo 80 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na instrución do procedemento, e salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- A.- Preceptivos e non vinculantes.
- B.- Facultativos e vinculantes.
- C.- Facultativos e non vinculantes.
- D.- Preceptivos e vinculantes."

A alegación recibida solicita a anulación da pregunta expoñendo que a referencia ao texto normativo non é correcta xa que onde di "Según o artigo 80 da Lei **39/2025**, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na instrución do procedemento..." debe dicir "Según o artigo 80 da Lei **39/2015** do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na instrución do procedemento...". A persoa alegante expón que a referencia ao texto normativo sobre o que se formula a pregunta non é correcta e polo tanto ningunha das catro respostas pode considerarse correcta.

O Tribunal considera que efectivamente, no cuestionario aparece reflectido "**Lei 39/2025**" en lugar de "**Lei 39/2015**", tratándose dun erro tipográfico pero que non condiciona a resposta, xa que se pode entender perfectamente que o texto ao que se fai referencia é a Lei 39/2015, que ademais se cita completamente, é dicir "..., do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas".

Ademais a cuestión formulada non deixa lugar a dúbidas, así como as catro posibles respostas.

Analizada a alegación, o Tribunal considera que o erro tipográfico non alberga dúbida nin condiciona a elección da resposta correcta, e polo tanto acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 20

Recibe tres (3) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Segundo o artigo 107 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a afirmación de que as Administracións Públicas poderán impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme ao disposto no artigo 48, previa a súa declaración de lesividade para o interese público, refírese a:

- A.- Revisión de disposicións e actos anulables.
- B.- Declaración de lesividade de actos anulables.
- C.- Recurso de oficio de actos anulables.
- D.- Revisión de oficio."

Dúas das alegacións expoñen que a referencia ao texto normativo non é correcta xa que onde di "Según o artigo 107 da Lei **39/2025**, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a afirmación ..." debe dicir "Según o artigo 107 da Lei **39/2015** do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a afirmación ...". A persoa alegante expón que a referencia ao texto normativo sobre o que se formula a pregunta non é correcta e polo tanto ningunha das catro respostas pode considerarse correcta.

O Tribunal considera que efectivamente, no cuestionario aparece reflectido "**Lei 39/2025**" en lugar de "**Lei 39/2015**", tratándose dun erro tipográfico pero que non condiciona a resposta, xa que se pode entender perfectamente que o texto ao que se fai referencia é a Lei 39/2015, que ademais se cita completamente, é dicir "..., do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas".

Ademais a cuestión formulada non deixa lugar a dúbidas, así como as catro posibles respostas.

Analizadas estas dúas alegacións, o Tribunal considera que o erro tipográfico non alberga dúbida nin condiciona a elección da resposta correcta, e polo tanto acorda por unanimidade REXEITAR estas dúas alegacións.



Concello da Coruña

A outra alegación expón que a pregunta ten "...unha formulación moi confusa, que da lugar a interpretacións equivocadas...", non entendendo a expresión "refírese a".

A pregunta pretende determinar a que figura contida no artigo 107 da Lei 39/2015 fai referencia a afirmación de que "...as Administracións Públicas poderán impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo os actos favorables para os interesados que sexan anulables conforme ao disposto no artigo 48, previa a súa declaración de lesividade para o interese público..."

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, literalmente di:

"Artículo 107. Declaración de lesividad de actos anulables.

1. Las Administraciones Públicas podrán impugnar ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo los actos favorables para los interesados que sean anulables conforme a lo dispuesto en el artículo 48, previa su declaración de lesividad para el interés público. (...)"

Polo tanto enténdese cunha claridade meridiana que a resposta correcta é a "B": Declaración de lesividade de actos anulables.

O Tribunal considera que aínda que para quen realiza a alegación lle supoña unha formulación confusa a realidade é que a pregunta está correctamente feita.

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 24

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co art. 19 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, están lexitimados ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa (sinale das seguintes opcións a que está INCOMPLETA):

A.- As persoas físicas ou xurídicas que ostenten un dereito ou interese lexítimo.

B.- As Entidades locais territoriais, para impugnar os actos e disposicións que afecten ao ámbito da súa autonomía emanados da Administración do Estado.

C.- As Entidades de Dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións públicas para impugnar os actos ou disposicións que afecten ao ámbito dos seus fins.

D.- Calquera cidadán, en exercicio da acción popular, nos casos expresamente previstos polas Leis."

A persoa que alega sinala que "...La pregunta tiene una formulación muy confusa, lo que da lugar a interpretaciones equivocadas y la respuesta indicada como correcta en la plantilla no es "incompleta" sino incorrecta, por haberse modificado su literalidad para dar lugar al engaño, de modo que, además de no estar completa, ya no coincide literalmente con la ley. La fórmula utilizada por el tribunal, en la que se solicita que se marque la INCOMPLETA, en lugar de solicitar la respuesta correcta o la incorrecta de las opciones dadas, provoca por sí sola confusión al no quedar claro si lo que se solicita es una respuesta correcta incompleta a seleccionar entre respuestas correctas completas o si la respuesta requerida es correcta pero incompleta y el resto no son correctas.

Además, en este caso en concreto, para dar lugar a engaño se modifica la parte de "emanados de las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, así como los de Organismos públicos con personalidad jurídica propia vinculados a una y otras o los de otras Entidades locales" cambiándolo por "emanados de la Administración del Estado", modificando de esta forma la literalidad del artículo 19 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa al que hace referencia la pregunta..." e solicita que a pregunta sexa anulada por ter unha formulación confusa e por estimar como resposta correcta a resposta "B" resposta "...que además de incompleta es incorrecta..."

O Tribunal entende que a pregunta está correctamente formulada, xa que na súa redacción xa se recolle en maiúsculas a peculiaridade que a alegante considera como confusa ao dicir "sinale das seguintes opcións a que está INCOMPLETA". O Tribunal entende que non hai dúbida no que se



Concello da Coruña

pregunta, cal das respostas recollidas como posibles está INCOMPLETA. Incluso podería considerarse que está INCOMPLETA por dous motivos (que a alegante tamén recolle no seu escrito).

A realidade é que so unha das respostas esta INCOMPLETA, que é a resposta "B", xa que o artigo 19 da citada Lei 29/1988 no apartado 1 di quen están lexitimados ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo, e entre eles o están as Entidades locais territoriais, para impugnar os actos e disposicións que afecten o ámbito da súa autonomía, emanados das Administracións do Estado **e das Comunidades Autónomas, así como os de Organismos públicos con personalidade xurídica propia vinculados a unha e outras ou os doutras Entidades locais**. A resposta "B" certamente está INCOMPLETA xa que as Entidades locais territoriais, ademais de estar lexitimadas para impugnar os actos e disposicións que afecten ao ámbito da súa autonomía emanados das Administracións do Estado, non soamente da Administración do Estado propiamente dita, se non das "Administracións do Estado" en plural, tamén o están fronte aos actos e disposicións que afecten ao ámbito da súa autonomía que emanen das Comunidades Autónomas así como os de Organismos públicos con personalidade xurídica propia vinculados a unha e outras ou os doutras Entidades locais.

Polo tanto enténdese cunha claridade meridiana que a resposta correcta é a "B", porque fállelle parte da súa redacción e polo tanto está INCOMPLETA que é o que se recollía en maiúsculas e de forma concreta na pregunta.

O Tribunal considera que aínda que para quen realiza a alegación lle supoña unha formulación confusa a realidade é que a pregunta está correctamente feita.

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 26:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co art. 46 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o *Regulamento de Servizos das Corporacións locais*, cal das seguintes circunstancias NON ha de concorrer á hora de proceder á municipalización dun servizo público?:"

A.- Que teña natureza mercantil, industrial, extractiva, forestal ou agraria.

B.- Que sexa de primeira necesidade ou de mera utilidade pública, aínda que non se atope especificamente determinado nas enumeracións da competencia local e aínda que non teña por obxecto o fomento dos intereses e o beneficio dos habitantes da demarcación municipal.

C.- Que se preste dentro do correspondente termo municipal, aínda que algúns elementos do servizo atópanse fora do mesmo.

D.- Que se dirixa a conseguir que a prestación do servizo reporte aos usuarios condicións máis vantaxosas que as que puidese ofrecerlles a iniciativa particular e a xestión indirecta."

O alegante solicita a anulación da pregunta xa que todas as respostas son correctas, xa que todas as circunstancias citadas nos diferentes apartados das posibles respostas teñen que concorrer para proceder á municipalización dun servizo público.

Analizada a alegación e cotexado co literal do artigo 46 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación, anular a pregunta e substituíla pola primeira pregunta de RESERVA.

- Pregunta 29:

Recibe seis (6) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"En que se diferencian os contratos administrativos dos contratos privados? (sinale a resposta correcta):"

A.- Sempre se celebran por escrito.

B.- Están suxeitos ás prerrogativas da Administración.

C.- Nunca están suxeitos a regulación harmonizada.



Concello da Coruña

D.- Só poden ser celebrados polas Administracións Públicas."

Todas as alegacións consideran que a opción "D" tamén é correcta e polo tanto solicitan a anulación da pregunta por existir dúas respostas correctas.

Despois de analizar todas as alegacións e tendo en conta a lectura conxunta dos artigos 24, 25 e 26 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e clara a conclusión de que (artigo 24) os contratos administrativos denomínanse como tal porque só poden celebrarse por unha Administración Pública (resposta "D"). O resto de poderes adxudicadores que non son Administración Pública non celebran contratos administrativos aínda que lle sexan de aplicación determinados preceptos da Lei. Polo tanto están sometidos as prerrogativas das administracións públicas (resposta "B") como resulta dos artigos 190 e 191 da dita Lei baixo a rúbrica de "*Prerrogativas de Administración Pública nos contratos administrativos*" (interpretación, resolución de dúbidas...) prerrogativas propias dos contratos administrativos.

Analizada a alegación o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación, anular a pregunta e substituíla pola segunda de RESERVA.

- Pregunta 40:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Cando existe un contrato de concesión de servizos? (sinale a resposta correcta):

A.- O servizo é público.

B.- O concesionario asume o risco operacional.

C.- A retribución é un prezo fixo.

D.- O contrato supera o limiar comunitario."

A persoa que alega considera que a opción "A" tamén é correcta e polo tanto solicita a anulación da pregunta por existir dúas respostas correctas.

Analizada a alegación e considerando que é evidente que un contrato de concesión de servizos é outorgado por unha administración pública e polo tanto ten que versar sobre un servizo público, polo que o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMAR a alegación, anular a pregunta e substituíla pola terceira de RESERVA.

- Pregunta 54:

Recibe tres (3) alegacións, as tres consideran que a resposta correcta é a "D" e non a "A" tal e como recolle a relación de respostas correctas publicadas. .

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral da entidade local conterán:

A.- Estado de ingresos, Estado de gastos e ordenanzas fiscais.

B.- Estado de execución de ingresos e gastos .

C.- Estado de ingresos, estado de gastos e Bases de Execución .

D.- Unicamente Estados de ingresos e gastos."

O artigo 165.1 efectivamente recolle que para cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral, achegaranse os estados de gastos e os de ingresos. As ordenanzas fiscais non se achegan para cada un deles.

Analizadas as alegacións, o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMALAS e cambiar a resposta considerada como correcta que pasará a ser a letra "D".

- Pregunta 58:



Concello da Coruña

Recibe unha (1) alegación dicindo que "... la pregunta tiene una formulación confusa, lo que da lugar a interpretaciones equivocadas...". Sinala que ao non pedir que se marque a resposta correcta ou incorrecta, xérase confusión.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co art. 93.2 do RD 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais, como consecuencia da liquidación do orzamento deberá determinarse (sinala a resposta INCOMPLETA):

A.- Os dereitos pendentes de cobranza ao 31 de decembro.

B.- O resultado orzamentario do exercicio.

C.- Os remanentes de crédito.

D.- O remanente de Tesourería."

O literal do artigo 93.2 do RD 500/1990 e o recollido na propia pregunta, se ben, fáltalle a inclusión no apartado "A" das "obrigas pendentes de pago". E dicir, as opcións "B", "C" e "D" son correctas xa que coinciden co literal do artigo 93.3, están COMPLETAS, pero a "A" non o é, porque é INCOMPLETA xa que o que di o artigo 93.3 é que deberán determinarse "...os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro...".

Aínda que para quen realiza a alegación lle supoña dunha formulación confusa a realidade é que a pregunta está correctamente feita motivo polo que o Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 68:

Recibe dúas (2) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Segundo o artigo 100.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o imposto sobre construcións, instalacións e obras devéngase:

A.- Cando se solicita licenza.

B.- Cando se concede licenza.

C.- Cando se inicia a obra.

D.- Cando se comunica o fin de obra."

As persoas que alegan entenden que procede a anulación da pregunta porque a devindicación régúlase no art. 102.4 TRLRFL, e non no art. 100.1 TRLRFL, que define o feito imposable.

No Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), a diferenza doutros impostos municipais, o feito imposable e a devindicación coinciden no mesmo momento, polo que ambos preceptos veñen a establecer a mesma consecuencia xurídica.

Por iso o Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR as alegacións.

- Pregunta 72:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Segundo o art. 95.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a execución do plan no solo urbanizable requirirá a previa aprobación de:

A.- O plan parcial do sector.

B.- O plan especial do sector.

C.- O plan parcial do polígono.

D.- O estudo de detalle."

A persoa que alega solicita a anulación da pregunta porque entende que a resposta é incorrecta por estar incompleta.



Concello da Coruña

A resposta que se da como correcta, a "A" é a previsión xeral da norma, agás que dita ordenación detallada se conteña no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Polo que, se a pregunta non concreta máis, a única resposta válida é a "A", dado que o test non ofrece como resposta a "excepción" legal.

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 73:

Recibe dúas (2) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Segundo o art. 96.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a conservación da urbanización corresponderá:

A.- Á entidade urbanística de conservación en todo caso.

B.- Á entidade urbanística de conservación e ao concello.

C.- Ao concello en todo caso.

D.- Ningunha é correcta."

Unha das alegacións corresponde coa da solicitude RMPE1923MU que non achegou documentación.

A outra persoa que alega propón a substitución de resposta correcta "D" pola "B".

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia asigna a conservación inicialmente ao concello, agás que o planeamento se lla ordene aos propietarios a través dunha entidade urbanística. A resposta "B" non é correcta porque tería que ser unha disxuntiva "ou", e non unha copulativa "e".

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 76:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Segundo o art. 124.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, se un propietario non se incorpora á xunta de compensación, esta poderá solicitar:

A.- A expropiación da súa leira.

B.- A exclusión da súa leira.

C.- A repartición da súa leira entre os incorporados.

D.- Ningunha é correcta."

A persoa que alega propón a substitución de resposta correcta "A" pola "D".

O parágrafo 2 do apartado 1 do artigo 124.1 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia ofrece como resposta correcta a recollida na letra "A" e outra que non se recolle en ningunha das demais opcións; polo que a única resposta válida é a reflexada na letra "A", e en ningún caso a "D" ("ningunha é correcta").

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 79:

Recibe dúas (2) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co art. 152.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, coa incoación do expediente de reposición poderá adoptarse algunha das seguintes medidas cautelares:



Concello da Coruña

- A.- A imposición de multa de 1000 euros.
- B.- A anotación no Rexistro da Propiedade.
- C.- O embargo de contas bancarias do titular.
- D.- Ningunha é correcta."

As persoas que alegan sinalan que a multa coercitiva non é unha medida cautelar, senón a medida de execución forzosa para garantir aquela, entenden que o enunciado debería incluír a palabra "coercitiva" e propoñen a substitución da resposta correcta da "A" pola "D".

O artigo 152.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sinala literalmente que "...adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de subministros ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas...". En sentido estrito, a medida cautelar é exclusivamente a interrupción da actividade, e as restantes son formas de garantía. A expresión "tales como" establece unha equivalencia de termos, polo que para o lexislador a multa coercitiva é unha medida cautelar que garante a suspensión. E non é necesaria a inclusión de "coercitiva", ao citarse expresamente o artigo da lei que o regula.

Analizada a alegación á pregunta, o Tribunal considera que a súa redacción non alberga dúbidas nin condiciona a elección da resposta correcta, polo que acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 81:

Recibe catro (4) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"O Concello de A Coruña ten a necesidade de incorporar un obreiro especializado. Para isto convocou o correspondente proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino. A dous días de rematar o prazo indicado, o servizo de RRHH observa que non hai ningunha solicitude presentada, polo que se decide ampliar o prazo. Pode facelo?:"

- A.- *Si, sempre que o prazo non exceda do prazo establecido, sempre que as circunstancias o aconsellan e coa ampliación non se prexudiquen dereitos de terceiro.*
- B.- *Si, sempre que o prazo non exceda do tercio do prazo establecido, se as circunstancias o aconsellan e coa ampliación non se prexudiquen dereitos de terceiro.*
- C.- *Si, sempre que o prazo non exceda da metade do prazo establecido, se as circunstancias o aconsellan e coa ampliación non se prexudiquen dereitos de terceiro.*
- D.- *En casos de concorrencia competitiva non se pode ampliar o prazo."*

Tres (3) das alegacións solicitan a anulación da pregunta e unha (1) solicita o cambio de resposta correcta, que sexa a "D" e non a "C".

Unha das alegacións (...3WX) solicita a anulación da pregunta por que di que hai dúas respostas correctas, a A e a D, argumentando que *"... anular a pregunta 81 por estar mal formulada, dado que se todavía non rematou o prazo, non se pode ampliar, posto que nos dous días restantes podería presentarse alguén..."*

Outra alegación tamén solicita a anulación da pregunta. Indica textualmente: *"A expresión A dous días de rematar o prazo indicado xera dúbidas interpretativas, pois podería referirse a dúas cousas diferentes: que falten dous días para que remate o prazo ou a que xa pasaron dous días desde que rematou. Esta falta de claridade pode condicionar a resposta das persoas opositoras, vulnerando o principio de seguridade xurídica e igualdade (...) Esta pregunta admite dúas interpretacións razoables ou ningunha resposta válida, segundo o momento do prazo, o que xera inseguridade xurídica e afecta á validez da cuestión."*

Na mesma liña, a outra alegación indica: *"Que el enunciado de la pregunta número 81 contiene la expresión ambigua A dos días de acabar el plazo indicado. Esta forma de formular la pregunta puede interpretarse como dos días antes de la finalización del plazo, pero también como dos días después de haber finalizado dicho plazo. La ambigüedad afecta directamente a la respuestas, pues si el plazo ya hubiera concluido, la ampliación sería jurídicamente imposible. Por tanto, la confusión generada por el enunciado impide que la pregunta tenga una única respuesta indubitable (...)"*



Concello da Coruña

Analizadas as alegacións e considerando que efectivamente a redacción da pregunta pode dar lugar a varias interpretacións o Tribunal acorda por unanimidade ESTIMAR as alegacións, anular a pregunta e substituíla pola cuarta de RESERVA.

Respecto á persoa que alega solicitando que se cambie a táboa de respostas e se dea por correcta a resposta D en lugar de a resposta C o Tribunal xa non entra a considerar esta alegación, ao ter decidido anular a pregunta nº 81 pola súa redacción confusa.

- Pregunta 84:

Recibe dúas (2) alegacións.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Un prego esixe, para un contrato de servizos de 90.000 €, unha facturación anual mínima de 500.000 € e experiencia previa en cinco contratos idénticos con Administracións Públicas. Desde a LCSP, esta esixencia (sinale a resposta correcta):

- A.- É válida por afectar á solvencia técnica.*
- B.- É obrigatoria en contratos de servizos.*
- C.- É correcta se se xustifica no expediente.*
- D.- Vulnera o principio de proporcionalidade."*

As dúas persoas que alegan entenden que a tenor dos artigos 84 e 90 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP) a resposta "C" tamén podería ser correcta. Entenden que de xustificarse no expediente a esixencia contida no prego podería ser correcta.

O prego esixe 500.000 euros, máis de 5 veces o límite permitido. O Tribunal considera que isto é desproporcionado aínda que se chegara a xustificar. A Directiva 2014/24/UE e a propia LCSP esixen proporcionalidade material, non mera motivación formal.

Ademais, a esixencia de 5 contratos idénticos tamén é desproporcionada á vista do art. 90. da LCSP xa que non se poden esixir contratos idénticos, senón de natureza e contido similar

O Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR as alegacións (...)"

Procedente da Acta 5 do Tribunal:

"(...)- Pregunta 85:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Nun contrato de subministración fíxase un orzamento base de licitación de 121.000 € IVE incluído. Cal será o valor estimado do contrato, para efectos de determinar o procedemento?:

- A.- 100.000 euros.*
- B.- 121.000 euros.*
- C.- 121.000 € menos o beneficio industrial.*
- D.- Dependerá do prezo de adxudicación."*

A persoa que alega entende que a tenor do disposto no artigo 101 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), a pregunta non achega os datos mínimos necesarios para determinar o valor estimado do contrato, xa que *"...el enunciado debería haber especificado necesariamente la inexistencia de prórrogas, opciones o modificaciones previstas, elementos que, de existir, deben sumarse obligatoriamente al valor estimado pero no forman parte del presupuesto base de licitación..."*

O tribunal considera que a pregunta está correctamente formulada porque dispón dos datos suficientes para que o opositor determine a única resposta posible conforme a dereito e non concorre indeterminación nin ambigüidade.

O Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.



- Pregunta 89:

Recibe unha (1) alegación.

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Chega o día do Pleno en Brigantium (27 concelleiros) e á hora fixada asisten o alcalde e 8 concelleiros máis. Indique se podería constituírse a sesión validamente en primeira convocatoria:

A.- Si, porque asisten 9 membros, o que equivale ao terzo do número legal esixido.

B.- Non, porque en primeira convocatoria é necesaria a maioría absoluta, 14 membros.

C.- Non, porque o alcalde non conta para o quórum.

D.- Si, porque superan o mínimo de 3 membros esixidos."

A alegante entende que a esixencia da asistencia do presidente e do secretario da Corporación ou de quen legalmente lles substitúan exclúe ao presidente do cómputo do número legal de membros.

"...Se entiende, según este artículo, que el presidente no cuenta en este tercio del número legal de miembros que tienen que estar presentes para la válida consitución del pleno, ya que sus asistencia es obligatoria y no se añade en este tercio requerido..."

O artigo 46.2.c da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, fala de número legal de membros. Refírese a todos os concelleiros electos e o alcalde é un membro máis. O alcalde é elixido de entre os concelleiros (LOREG). Non é unha figura externa nin un funcionario, como si é o secretario.

A lei establece dous requisitos simultáneos para que o Pleno constituíase validamente, un cuantitativo e outro cualitativo. Requisito cuantitativo: é necesaria a existencia de 1/3 do número legal de membros da corporación. Total, membros: 27. Un terzo: 9. Requisito cualitativo: é necesaria a asistencia do presidente e do secretario ou quen lles substitúa.

O erro da alegación é pensar que estes requisitos son sumatorios 1/3 + presidente cando en realidade son concurrentes. A súa presenza obrigatoria é unha función do seu cargo para dirixir a sesión, pero iso non lle resta a súa condición de individuo que forma parte do quórum numérico. Pola contra estaríase esixindo a existencia dunha maioría reforzada.

O Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 90:

Recibe unha (1) alegación

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Fermín é funcionario do Concello de A Coruña e vai tomar posesión dun destino obtido por concurso. Este cambio de destino non implica cambio de residencia. Cal é o prazo para tomar posesión?:

A.- 3 días hábiles.

B.- 5 días hábiles.

C.- 1 mes.

D.- 10 días hábiles."

A persoa que alega solicita a anulación da pregunta expoñendo que a pregunta se atopa fóra do temario do presente proceso selectivo, argumentando que *"...la toma de posesión de los funcionarios de carrera en la provisión de puestos de trabajo mediante concurso no entra en el temario de la oposición..."*.

Textualmente, o tema 25 recolle o seguinte:

"Tema 25. O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. A estrutura do emprego público: ordenación de postos de traballo. Ordenación do persoal. Planificación do emprego público. Adquisición e perda da relación de servizo".

A pregunta 90 fai referencia á provisión de postos de traballo, e a provisión de postos é posible por que hai unha ordenación e unha planificación dos recursos humanos, tema 25 do temario. Sen ir máis lonxe no TREBP, no título V, "Ordenación da actividade profesional", atópase o capítulo III, "Provisión de postos de traballo e mobilidade".



Si é certo que atendendo á literalidade dos epígrafes, non hai unha referencia concreta á provisión de postos de traballo, polo que analizada a alegación, o Tribunal acorda ESTIMAR a alegación, anular a pregunta número 90, e substituíla pola quinta pregunta de reserva.

- Pregunta 95

Recibe unha (1) alegación

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"O grupo socialista do Concello da Coruña chegou a un acordo co grupo do BNG en canto ao orzamento do exercicio 2026. A súa aprobación inicial, en pleno extraordinario, produciuse hoxe (22.12.2025). Supoñendo que mañá se publique no BOP (23.12.2025) e de acordo co art. 169. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando entrará en vigor o devandito orzamento?:

A.- O 24.12.2025.

B.- O 01.01.2026.

C.- 15 días despois da súa publicación no BOP, é dicir, o 07.01.2026.

D.- Ningunha das datas anteriores é correcta."

A persoa que alega entende que *"... si se publica en el BOP el 23.12 es que está aprobado definitivamente pero no han transcurrido 15 días desde su aprobación provisional, dándose una contradicción en los datos aportados en el enunciado..."*.

A pregunta di *"Supoñendo que mañá se publique no BOP... e de acordo con art. 169..."*. A pregunta NON di *"Supoñendo que mañá O ORZAMENTO se publique no BOP..."*, xa que o que se podería publicar de acordo co artigo 169 sería o inicio do prazo de exposición ao público, pero en todo caso, no suposto de que a alegante fixera a dita interpretación, tampouco ningunha das outras respostas serían correctas, xa que o prazo de 15 días non remataría o día 7 de xaneiro, e nin o 24 de decembro ni o 1 de xaneiro podería entrar en vigor por non transcorrer o prazo dos 15 días.

Analizada a alegación, o Tribunal considera que o literal da pregunta non alteran o sentido nin condicionan a elección da resposta correcta, xa que todas as demais respostas non teñen cabida e polo tanto acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta 96

Recibe dúas (2) alegacións

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"De acordo co ANEXO 3 da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, sinale en que capítulo do orzamento de gastos imputaría a substitución das xanelas dun edificio municipal:

A.- Capítulo I.

B.- Capítulo II.

C.- Capítulo IV.

D.- Capítulo VI."

As dúas alegación solicitan a anulación da pregunta xa que de acordo co enunciado podería imputarse a substitución das xanelas dun edificio municipal tanto ao capítulo II como ao capítulo VI (resposta considerada como correcta polo tribunal).

O Tribunal considera que "substitución da xanela" non é en ningún caso unha reparación. A substitución supón o cambio dunha xanela por outra, o que sen ningunha dúbida aumenta a vida útil da xanela, mellora o edificio municipal e supón unha inversión que debe imputarse ao capítulo VI.

Analizada a alegación, o Tribunal considera que o literal da pregunta non alberga dúbida nin condiciona a elección da resposta correcta, xa que se trata dunha substitución e non dunha reparación e polo tanto acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.



Concello da Coruña

- Pregunta 99

Recibe unha (1) alegación

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Mr Guinness, residente en Dublín, vende ao Sr. Pérez o seu piso da Rúa Sinfónica de Galicia, de A Coruña. Sinale se procede a exacción do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, e quen debe pagalo:

A.- Non procede, porque é unha transmisión lucrativa.

B.- Procede, e debe pagalo Mr Guinness porque é quen transmite o piso.

C.- Non procede, porque é unha transmisión onerosa e o suxeito pasivo non reside en España.

D.- Procede, e debe pagalo o Sr. Pérez."

A persoa que alega propón a substitución de resposta correcta "D" pola "B".

O art. 106.2 do Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais establece unha excepción no pagamento do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, cando o contribuínte é unha persoa física non residente en España: o suxeito pasivo pasa a ser a persoa que adquiera o terreo ou a cuxo favor se constitúa ou transmita o dereito real.

Analizada a alegación, o Tribunal acorda por unanimidade REXEITAR a alegación.

- Pregunta de reserva número 8

Recibe unha (1) alegación

A pregunta tiña o seguinte tenor literal:

"Consonte o art. 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que haxan de dispoñer de plan de autoprotección será necesaria:

A.- Comunicación previa.

B.- Declaración responsable.

C.- Licenza municipal.

D.- Concesión autonómica."

A persoa que alega propón a anulación da pregunta porque entende que a resposta correcta "C" debería incluír o termo "autorización", ademais de "licenza".

O art. 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia esixe "licenza municipal" (resposta "C") ou "autorización autonómica". A resposta é correcta, porque recolle un dos supostos previstos na norma

Analizada a alegación, o Tribunal considera que o literal da resposta non altera o sentido nin condiciona a súa elección como resposta correcta, xa que todas as demais respostas non teñen cabida e polo tanto acorda por unanimidade REXEITAR a alegación(...)"